

Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	04	Data	26/9/2018	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Victoriano Tomé Castro ▪ María Luz Lorenzo Crespo ▪ Isidoro Dios Rodiño ▪ José Manuel Míguez Santos ▪ Gumersindo Couso Boullosa ▪ José Jorge Alvariñas Villaverde ▪ Vicente Cortizo Blanco ▪ María Jesús Brañas Porto ▪ Juan Carlos Garrido Álvarez ▪ Javier Tomé Castro ▪ Juan Luis López Dasilva 						

Temas tratados

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Enviáronse por correo electrónico os borradores das actas número 1,2 e 3. O XD informa que hai variacións na acta número 2 e 3, léese cada unha das modificacións e apróbanse todas por unanimidade.

2. Constitución do equipo docente.

O xefe de departamento presenta o equipo docente do departamento, está composto por:

Victoriano Tomé Castro

María Luz Lorenzo Crespo

Isidoro Dios Rodiño

José Manuel Míguez Santos

José Manuel del Valle Couto

Gumersindo Couso Boullosa

José Jorge Alvariñas Villaverde

Vicente Cortizo Blanco

María Jesús Brañas Porto

Juan Carlos Garrido Álvarez



Javier Tomé Castro

Juan Luis López Dasilva

3. Criterios de xustificación de faltas de asistencia.

A maioría dos membros do departamento considera que os criterios de xustificacións de faltas deben estar homoxenizados a nivel departamento. A profesora María Luz Lorenzo Crespo expón os criterios que acordaron na reunión docente do segundo curso de Carmo. Para a maioría do profesorado estes criterios son validos para aplicar a nivel departamento. Os profesores do ciclo modular de Insamo, comentan que debido as características do alumnado é necesario flexibilizar os criterios neste Ciclo, este tema o trataran nunha reunión do equipo docente..

Salvo no ciclo modular acórdase aplicar os criterios de xustificación de faltas do *Anexo_01_Xustificación_de_faltas_2018_19*.

4. Equipos, instalacións e material.

O Xefe de Departamento informa que:

Hai dúas máquinas que non teñen o certificado de conformidade CE. Unha serra de cinta marca ENCINA do taller 02 e unha a ingletadora virutex.

Están en reparación 3 máquinas caladoras de mesado.

A aula de tapizado equipouse con varios conxuntos de ferramenta (martelos, grapadoras manuais, tenazas, quitagrapas, etc) procedentes do curso de tapizado realizado na primeira semana de setembro.

En canto a solicitude de material, o departamento acorda que se solicite o equipamento recollido no *Anexo_02_Equipamentos mínimos*.

5. Mantemento de equipos e instalacións.

Soamente foron concedidas dúas horas de mantemento, unha para a cabina barnizado e outra para o taller 02. Estas horas son insuficientes para levar un correcto mantemento da numerosa maquinaria e equipos dos talleres e das aulas de informática.

6. Realización de programacións e homoxeneización de criterios.

O Xefe de departamento comunica que as programacións hai que realizalas na aplicación informática. No último claustro o director informou que as programacións deben realizarse antes do 15 de outubro.

En canto a homoxeneización o profesorado que imparta o mesmo módulo en réximes distintos deben empregar a mesma programación e os mesmos criterios de cualificación. Parte do profesorado considera que os contidos da programación son os mesmos, pero variarán os criterios de cualificación, xa que, as características do alumnado son distintas (modular e ordinario) e ademais cada profesor ten os seus criterios de cualificación e de impartición deses contidos.



O Xefe de departamento recorda que cada profesor debe informar o alumnado sobre os aspectos máis importante da programación (mínimos esixibles, unidades didácticas, criterios da avaliación, etc) e sobre como poden acceder a consultala.

7. Proposta de actividades de formación para o emprego (cursos AFD)

Se decide non solicitar actividades de formación para emprego.

8. Proposta de actividades complementarias de formación (ACFs).

As actividades complementarias de formación propostas son: José Manuel Del Valle Couto propón tres actividades e encargárase de xestionar a súa realización:

- Simulación de acabamentos. José Manuel Del Valle Couto. (CM de Carmo e 2º FB Básica).
- Demostración de produtos de acabado. José Manuel Del Valle Couto. (2º de Carmo e 2º de Básica).
- Xornada de Finsa. Demostración de produtos. José Manuel Del Valle Couto. (Ciclos medios de Carmo e Insamo).
- Sistemas de unión. José Manuel Del Valle Couto. (Ciclos medios de Carmo e Insamo).
- Visita ao Campionato galego de FP, que se celebrará no mes de novembro. María Luz Lorenzo Crespo. (2º de Carmo, 2º de Insamo).
- Visita a Rusticasa. Isidoro Dios Rodiño. (2º de Carmo, 2º de Insamo e ciclo superior de Deseamo).

María Luz Lorenzo Crespo solicita que as actividades complementarias de formación que realicen os alumnos de segundo curso de CARMO e INSAMO sexan realizadas na medida do posible ante de finais de febreiro, xa que no mes de marzo os alumnos están realizando probas previas a avaliación de FCTs.

9. Proposta de formación interna do profesorado.

O profesorado estaría interesado en recibir formación nos seguintes campos:

- Manexo do programa Sketchup Pro.
- Autocad.
- Tapizado nivel avanzado.

10. Proxectos de Innovación.

Ningún profesor do equipo docente está interesado en participar en novos proxectos de innovación.

11. Comisión de convivencia e DIOP.



A instancias de vicedirección do centro o XD pregunta se hai voluntarios para a comisión de convivencia e o DIOP. Gumersindo Couso Boullosa ofrécese voluntario para a comisión do DIOP.

12. Traballos realizados polos alumnos.

No curso 2017-18 acordouse tratar nunha reunión de departamento o destino dos traballos realizados polos alumnos durante o curso. A espera de que o profesorado concrete os traballos que se realizarán co alumnado acórdase pospoñer este tema.

13. Idioma impartición de módulos.

O XD amosa un cadro coa distribución de módulos e idioma. Todo o profesorado está de acordo. No *Anexo_03_Idioma impartición de módulos* queda reflectido en que idioma vai a impartir cada profesor os diferentes módulos profesionais.

14. Calendario de reunións.

Acórdase facer as reunións de departamento os últimos mércores lectivos de cada mes, as 17:00 horas.

15. Programación do departamento.

O XD comenta que se está redactando a programación do departamento, entre obxectivos vaise incluír solicitar o primeiro curso do ciclo de INSAMO. Ningún profesor fai achegas os obxectivos de departamento.

16. Rolda de intervencións.

O XD comenta se hai vontade de solicitar acreditacións de competencias. Ningún membro do departamento esta interesado. Juan Carlos Garrido Álvarez está interesado en realizar un curso de formación en acreditacións.

José Manuel Míguez Santos solicita que os profesores de taller manteñan ordenados os almacéns de ferramenta e as instalación en xeral. Tamén solicita que o material de oficina (grapadoras, calculadoras e tixeiras) que hai en cada aula e oficinas se manteñan no seu sitio.

Javier Tomé Castro informa que a aula de tapizado apenas ten dous radiadores e que en inverno o frío será un problema para impartir o módulo. O xefe de departamento comenta que o secretario do centro está informado da situación do taller e da zona de cabinas de instalación.

Acordos

- Seguir os criterios de xustificación de faltas do Anexo_01. Responsable - todo o profesorado do departamento
- Solicitar o equipamento recollido no Anexo_02. Responsable: Xefe de departamento.




- Facer unha reunión para tratar o tema do destino dos traballo realizados polo alumnado.
Responsable: Xefe departamento.

Anexos

- *Anexo_01_Xustificación_de_faltas_2018_19.*
- *Anexo_02_Equipamentos_mínimos.*
- *Anexo_03_Idioma_impartición_de_módulos*

Sen máis asuntos que tratar e sendo as 18:00 horas, levántase a sesión.

Visto e prace moderador/a



Victoriano Tomé Castro



Pontevedra, 26 de setembro de 2018

